



RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas

ISSN: 1577-239X

usc.rips@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

Arribas, Luis

Reseña de "PONTEVEDRA siglo XXI. Estudio socioeconómico de la ciudad y su área de influencia"
de José Luis Sequeiros Tizón y José Pérez Vilariño

RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, vol. 1, núm. 2, 1999, pp. 135-136

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=38020114>

- Cómo citar el artículo
- Número completo
- Más información del artículo
- Página de la revista en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica
Red de Revistas Científicas de América Latina, el Caribe, España y Portugal
Proyecto académico sin fines de lucro, desarrollado bajo la iniciativa de acceso abierto

Finalmente, las profesoras Lirola Delgado y Martín Martínez han abordado de una manera certera y con gran precisión el examen de los mecanismos de cooperación entre la Corte Penal Internacional y los Estados, ya sean partes en el Estatuto o no. Si destacamos esta parte final de la obra que se nos presenta es precisamente porque constituye el presupuesto fundamental sobre el que se apoya el funcionamiento de la jurisdicción penal internacional, pues en definitiva la acción de esta Institución nunca podrá ser eficaz si no cuenta con la colaboración efectiva de los Estados, tanto durante la investigación y el enjuiciamiento como durante la ejecución de las penas.

En definitiva, nos encontramos ante una valiosa obra en la que las autoras nos presentan

un completo análisis de la Corte Penal Internacional, destacando las principales cuestiones y problemas que se le plantearán a esta Institución una vez que entre en funcionamiento. Asimismo, queremos destacar la metodología seguida y la claridad expositiva, que sin duda hace accesible este trabajo no sólo a juristas, sino también a aquellas otras personas interesadas en el establecimiento de una jurisdicción penal internacional para el castigo de los responsables de graves violaciones de los derechos humanos.

Julio Jorge Urbina

Universidade de Santiago de Compostela

Estudio dirigido por JOSÉ LUIS SEQUEIROS TIZÓN E JOSÉ PÉREZ VILARIÑO
**PONTEVEDRA siglo XXI. Estudio socioeconómico
 de la ciudad y su área de influencia**
 Pontevedra. Caixa de Pontevedra. 2000.

A obra que nos ocupa, o traballo dirixido conxuntamente polos catedráticos de Socioloxía da Universidade de Vigo, José Luis Sequeiros, e da Universidade de Santiago de Compostela, José Pérez Vilariño, traballo que trata de determina-las liñas de evolución socio-económica de Pontevedra e da súa comarca dende a perspectiva temporal que nos sitúa a cabalo do século XXI.

O estudio, trata a definición do problema, e da análise de aspectos metodolóxicos, que determinan unha investigación conxunta cuantitativa-cualitativa, resume no apartado de 'Resultados' conclusións, prioridades e recomendacións.

Un apartado final de anexos coas táboas e gráficos máis importantes do estudio, e unha bibliografía moi actualizada e interesante completan o estudio.

O obxectivo do traballo e analiza-las posibilidades de actualización e de expansión da actual cidade e comarca de Pontevedra.

Isto faise baixo a teoría, -actual, e xa clásica, inspirada en J.Coleman- de que xunto co capital material e humano, é preciso considerar un capital social, definido como a densidade de rede ou de interaccións entre o capital humano; o que ven definido en última instancia polo nivel educativo e de cualificación que reside no individuo.

E tamén, tal como sinalou Weber, de que a innovación máis trascendental da sociedade occidental, a organización racional, plasmada en dous ámbitos; a administración legal e a corporación, que permiten un marco de regularidades e unha crecente capitalización e investimento en I+D.

As estratexias globalizadoras e as claves de modernidades tratan precisamente de combinar mobilidade e integración aproveitando simultaneamente as vantaxes de diferentes lugares mediante a organización complementaria dos recursos en rede.

Por iso as cidades pequenas como Pontevedra só poden eludirla marxinalidade se son quen

de insertarse nun escenario metropolitano, superando nos seus proxectos e estratexias a escada local.

O plano de traballo consta de dous bloques diferenciados; unha parte cuantitativa para medi-las características económicas (dinamismo económico) e outra parte cualitativa para definir e interpreta-los resultados obtidos na parte anterior.

Na primeira parte emprégase a técnica factorial, útil en canto permite reducir toda a información disponible a un limitado número de factores explicativos.

O obxectivo da segunda parte, realizar unha auditoría social da cidade que permita coñecer-la autodiagnose que os cidadáns fan da súa situación socioeconómica. E para este obxectivo empréganse as técnicas da entrevista en profundidade e dos grupos de discusión.

A teoría subxacente nesta formulación metodolóxica aséntase no paradigma das definicións sociolóxicas en canto que a realidade social non ten unha compoñente exclusivamente obxectiva -os feitos sociais- senón que depende de como a perciben os individuos -como a definen-, e que esta percepción/definición xera resultados totalmente obxectivables.

A análise cuantitativa incide especialmente nos aspectos demográficos, a evolución da vivenda, a distribución sectorial da poboación, a actividade económica e as rendas, o mercado de traballo e a vinculación Vigo-Pontevedra.

A análise cualitativa, xunto con este último tema, investiga a percepción de Pontevedra cidade, do espazo urbano ampliado e da súa área comarcal de influencia.

"A excesiva dependencia -directa ou indirecta- da Administración configurou a seguridade no emprego e nos procedementos como o valor central... O resultado foi unha cidade pausada e pouco flexible cunha mentalidade escasamente emprendedora e un excesivo control social que dificultou o desenvolvemento de iniciativas ambiciosas... situación que xerou un amplo conformismo e un certo sentimento de illamento."

"...Aparece (agora) unha conciencia de que a Pontevedra actual é o resultado dunha serie

de acontecementos carentes de planificación, e en particular da inercia coa que todos deixámo-la parada e ninguén preocupouse... nun contexto de alta estima pola cidade e a súa calidade de vida sorprende o reducido compromiso coas cuestións de Pontevedra."

Aparece como punto de inflexión no proceso de carencia de liderazgo institucional a masiva manifestación celebrada en xuño; as novas demandas sociais fráganse nas rúas.

A necesidade de potencia-lo eixe Pontevedra-Vigo aparece neste estudio como unha necesidade ineludible tanto na fase cuantitativa como na cualitativa, pola complementariedade das dúas cidades e pola emerxencia dunha nova rexión urbana, dun polo de desenvolvemento atlántico capaz de contrapesa-la excesiva inclinación da Península Ibérica cara ó Mediterráneo.

As conclusións do estudio preséntanse en catro aspectos diferenciados; Pontevedra cidade e cultura urbana; ámbito espacial, actividades económicas; e liderazgo institucional.

Remata o estudio recomendando a priorización daquelas medidas que seguen unha lóxica integradora, de área territorial, por enriba de localismos. Así como os investimentos máis apremiantes ou que teñan un efecto multiplicador maior.

E recomendando asimesmo a constitución de tres grupos de traballo para o estudio e decisión sobre estas medidas con obxectivos específicos:

a) O artellamento dun novo espazo urbano Pontevedra - Poio - Marín.

b) O fortalecemento do eixe Pontevedra - Vigo como espiña dorsal de toda a rexión urbana.

c) A promoción económica dun Polo Tecnolóxico Forestal e o potenciamento de actividades I+D que compensen a excesiva dependencia da administración provincial.

LUÍS ARRIBAS

Universidade de Santiago de Compostela